

Maceiras anuncia que converterá a antiga casa do peón camiñeiro de Ponte do Porco en local social

Redacción / Miño

O Concello de Miño converterá a antiga casa do peón camiñeiro de Ponte do Porco nun local social para o uso e desfrute dos veciños. Así o confirmou o alcalde, Juan Maceiras, no transcurso da sesión plenaria ordinaria que se celebrou en decembro na casa consistorial.

A actuación responde a unha petición da propia asociación de residentes, que apostaba por recuperar o inmoble, xa en desuso. Para iso, o Concello xa iniciou os trámites per-

tinentes. En primeiro lugar, solicitou a reversión da propiedade da casa do Ministerio de Fomento ao Concello, que xa foi resolta favorablemente. Agora, o goberno local terá que acometer unha modificación puntual do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Mellora do Núcleo Rural que rexe no ámbito de actuación, xa que é necesario obrar no edificio.

"Trátase dunha vivenda que debemos reformar integralmente para que se converta en local so-

cial", explica Maceiras. O Concello xa comezou a tramitación e cando se complete xa poderá emprender a reforma.

O rexedor afirma que coa intervención se pretende dotar os veciños de Ponte do Porco dun local "acorde coas súas necesidades, tanto para que poidan realizar distintas actividades coma para a súa utilización cotiá".

A actuación do equipo de goberno en ponte do Porco non descansará na habilitación do centro social.

Maceiras apunta que se procederá a ampliar o parque infantil do núcleo para que dispoña de máis espazo e xogos para os máis pequenos.

O goberno local xa solicitara en decembro do pasado ano unha subvención á anterior Xunta de Galicia, pero a súa petición foi denegada. Agora, o alcalde mantivo unha reunión co conselleiro de Presidencia na que aceptou financiar a totalidade da intervención. O investimento necesario ascende a 89.000 euros.

